



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

En Muros, na data que figura na marxe, a Sra. Alcadesa do Concello de Muros D^a.M^a.Inés Monteagudo Romero dita a seguinte RESOLUCIÓN:

“Por resolución da Alcaldía nº1246/2020 de 27 de outubro de 2020 (expte.2020/G003/001308) foi nomeada, D^a.M^a.Noelia Louro Louro, como instrutora do procedemento de axudas, en réxime de concesión directa, dirixidas a traballadores/as do réxime especial de autónomos da Seguridade Social afectadas pola suspensión ou peche dos locais abertos ao público polo estado de alarma decretado polo Goberno e para o impulso da actividade económica no termo municipal co fin de paliar os efectos provocados pola emerxencia sanitaria do COVID-19.

Visto o escrito de D^a.M^a.Noelia Louro Louro de 28 de outubro de 2020 no que indica que concorre como motivo de abstención ter relación de parentesco en primeiro grao con unha das interesadas solicitantes destas axudas (D^a.Matilde Dios Pérez).

Considerando o disposto no artigo 23.2.b) da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público. En uso das atribucións conferidas no artigo 21.1.a) LRBRL,

RESOLVO:

Nomear como instrutora do procedemento de axudas, en réxime de concesión directa, dirixidas a traballadores/as do réxime especial de autónomos da Seguridade Social afectadas pola suspensión ou peche dos locais abertos ao público polo estado de alarma decretado polo Goberno e para o impulso da actividade económica no termo municipal co fin de paliar os efectos provocados pola emerxencia sanitaria do COVID-19 a:

Cargo	Traballadora municipal
Instrutora	D ^a .Sonia Lago Segade ou persoa na que delegue

”

Muros, asinado dixitalmente na marxe.